PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2ADG000100 - Xestión administrativa	B

Módulo
MP0437 - Comunicación empresarial e atención á clientela (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime modular	Distancia	Xeral	B

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
4	166	50	199	103

Profesorado responsable

Docentes
Aboy González, Silvia

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 13

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 29

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 29

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 30

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 30

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 30

8.1. Programación da educación en valores. 30

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 30

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 31

11.1. Outros apartados. 31

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O entorno produtivo de Pontevedra e da súa comarca está baseado en PEMES, fundamentalmente do sector servizos e con pouca especialización, que realizan todas as funcións da empresa. Isto demanda profesionais de grao medio capaces de levar a cabo actividades con autonomía e de apoio administrativo nos ámbitos laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como na atención ao cliente ou usuario. Neste senso, esta programación adáptase ás necesidades do entorno produtivo e permite formar administrativos con amplos coñecementos, proporcionando mediante este módulo profesional a formación necesaria para desempeñar as funcións relacionadas coa comunicación na empresa, tales como as seguintes: recepción de visitas e atención telefónica; recepción, tramitación e xestión de documentación; atención á clientela ou ás persoas usuarias; elaboración, rexistro e arquivo de documentación; aplicación de técnicas de comunicación adecuadas ás situacións de atención ou asesoramento á clientela; realización das xestións pertinentes cos departamentos afectados para consultas, reclamacións e atención posvenda; tramitación de reclamacións e denuncias; aplicación de estándares de calidade na prestación do servizo; e aplicación de técnicas de márketing como medio de potenciación da imaxe da empresa.
As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en todos os ámbitos da empresa, tanto internos como externos, e en calquera tipo de organización, con independencia do sector ao que pertenzan. De maneira especial, relaciónanse co apoio administrativo ás tarefas desenvolvidas polos departamentos de atención á clientela e de márketing en empresas de calquera sector económico. A formación deste módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), d), e), f) e ñ) do ciclo formativo, así como as competencias a), b), c), i), m), p), q) e r).
As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten acadar estes obxectivos céntranse na selección de técnicas de comunicación adecuadas a cada situación concreta; na aplicación do protocolo de comunicación verbal e non verbal nas comunicacións presenciais e non presenciais, en coherencia coa imaxe e importancia da empresa; no uso de equipamentos de telefonía e informáticos conforme ás normas básicas; na elaboración e presentación de correspondencia e outros documentos administrativos; no rexistro da documentación recibida e emitida; no arquivo da documentación tanto en soporte impreso como informático; no apoio administrativo aos departamentos de atención á clientela e márketing; na xestión e tramitación de consultas e reclamacións; e no seguimento da clientela e control do servizo posvenda.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Selección de técnicas de comunicación empresarial	Selecciona técnicas de comunicación en relación coa estrutura e a imaxe da empresa, e cos fluxos de información existentes nela.	11	13
2	Transmisión de comunicación oral na empresa	Transmite información de xeito oral, tendo en conta os usos e os costumes socioprofesionais habituais da empresa.	12	12
3	Transmisión de comunicación escrita na empresa	Transmite información escrita aplicando as técnicas de estilo a cada tipo de documento propio da empresa e da Administración pública.	15	14
4	Arquivo da información en soporte impreso e informático	Arquiva información en soporte impreso e informático, e recoñece os criterios de eficiencia e aforro nos trámites administrativos.	12	12
5	Recoñecemento de necesidades da clientela	Recoñece as necesidades de posibles clientes aplicando técnicas de comunicación.	12	13
6	Atención de consultas, queixas e reclamacións	Atende consultas, queixas e reclamacións de posibles clientes, aplicando a normativa en materia de consumo.	12	13
7	Potenciación da imaxe da empresa	Potencia a imaxe da empresa, para o que aplica elementos e ferramentas do márketing.	12	13
8	Aplicación de procedementos	Aplica procedementos de calidade na atención á	14	13

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
8	de calidade na atención á clientela	clientela, e identifica os estándares establecidos.	14	13

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Selección de técnicas de comunicación empresarial	13

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Selecciona técnicas de comunicación en relación coa estrutura e a imaxe da empresa, e cos fluxos de información existentes nela.		
CA1.1 - Recoñeceuse a necesidade de comunicación entre as persoas.	PE	12
CA1.2 - Distinguiuse entre comunicación e información.	PE	12
CA1.3 - Distinguíronse os elementos e os procesos que interveñen na comunicación.	PE	12
CA1.4 - Recoñecéronse os obstáculos que poidan existir nun proceso de comunicación.	PE	12
CA1.5 - Determinouse o mellor xeito e a mellor actitude á hora de presentar a mensaxe.	PE	10
CA1.6 - Identificáronse os conceptos de imaxe e cultura da empresa.	PE	12
CA1.7 - Diferenciáronse os tipos de organizacións e o seu organigrama funcional.	PE	10
CA1.8 - Distinguíronse as comunicacións internas e externas, e os fluxos de información dentro da empresa.	PE	10
CA1.9 - Seleccionouse o destinatario e a canle acaída para cada situación.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Selección de técnicas de comunicación empresarial
Elementos e barreiras da comunicación.
Comunicación e información e comportamento.

Contidos
Relacións humanas e laborais na empresa.
Escoita activa, empatía e asertividade.
Organización empresarial. Organigramas.
Principios e tipos de organización empresarial.
Tipos de departamentos e áreas funcionais.
Funcións do persoal na organización.
Descrición dos fluxos de comunicación.
Comunicación interna na empresa: comunicación formal e informal.
Comunicación externa na empresa. Publicidade e relacións públicas.

UD	Título da UD	Duración
2	Transmisión de comunicación oral na empresa	12

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Transmite información de xeito oral, tendo en conta os usos e os costumes socioprofesionais habituais da empresa.		
CA2.1 - Identificáronse os principios básicos que cumpra ter en conta na comunicación verbal.	PE	10
CA2.2 - Identificouse o protocolo de comunicación verbal e non verbal nas comunicacións presenciais e non presenciais.	PE	10
CA2.3 - Tivéronse en conta os costumes socioculturais e os usos empresariais.	PE	10
CA2.4 - Identificouse o interlocutor consonte as debidas normas de protocolo, e adaptouse a actitude e a conversa á situación da que se parta.	PE	10
CA2.5 - Elaborouse a mensaxe verbal de maneira concreta e precisa, tendo en conta as dificultades posibles na súa transmisión.	PE	10
CA2.6 - Utilizáronse as expresións e o léxico que mellor se adapten ao tipo de comunicación e ás persoas interlocutoras.	PE	10
CA2.7 - Presentouse a mensaxe verbal elaborada utilizando a linguaxe non verbal máis axeitada.	PE	10
CA2.8 - Utilizáronse equipamentos de telefonía e informáticos, e aplicáronse as normas básicas de uso.	PE	10
CA2.9 - Valorouse se a información se transmite con claridade, de xeito estruturado, con precisión, con cortesía, con respecto e con sensibilidade.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.10 - Analizáronse os erros cometidos e propuxéronse as accións correctivas necesarias.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Transmisión de comunicación oral na empresa
Principios das comunicación orais.
Normas de información e atención oral.
Técnicas de comunicación oral, habilidades sociais e protocolo.
Clases de comunicación oral: diálogo, discurso, debate e entrevista.
Comunicación non verbal: elementos.
Comunicación verbal dentro da empresa.
Comunicación telefónica:
O teléfono e o seu uso.
A central. Uso do directorio telefónico.
Normas para falar correctamente por teléfono.
Informática nas comunicacións verbais.
Comunicacións na recepción de visitantes: recepción, identificación, xestión e despedida.

UD	Título da UD	Duración
3	Transmisión de comunicación escrita na empresa	14

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Transmite información escrita aplicando as técnicas de estilo a cada tipo de documento propio da empresa e da Administración pública.		
CA3.1 - Identificáronse os soportes para elaborar e transmitir os documentos: tipo de papel, sobres, etc.	PE	8
CA3.2 - Identificáronse as canles de transmisión: correo convencional e electrónico, fax, mensaxes curtas, etc.	PE	8
CA3.3 - Diferenciáronse os soportes máis axeitados en función dos criterios de rapidez, seguridade e confidencialidade.	PE	8

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.4 - Identificouse a persoa destinataria conforme as debidas normas de protocolo.	PE	8
CA3.5 - Clasificáronse os tipos máis habituais de documentos dentro da empresa segundo a súa finalidade.	PE	10
CA3.6 - Redactouse o documento apropiado cumprindo as normas ortográficas e sintácticas, en función da súa finalidade e da situación de partida.	PE	10
CA3.7 - Identificáronse as ferramentas de procura de información para elaborar a documentación.	PE	10
CA3.8 - Utilizáronse as aplicacións informáticas de procesamento de textos ou autoedición.	PE	10
CA3.9 - Formalizáronse os libros de rexistro de entrada e saída de correspondencia e paquetaría en soporte informático e convencional.	PE	10
CA3.10 - Utilizouse a normativa sobre protección de datos e conservación de documentos establecidos para as empresas, e para as institucións públicas e privadas.	PE	8
CA3.11 - Aplicáronse, na elaboración da documentación, as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Transmisión de comunicación escrita na empresa
Comunicación escrita na empresa.
Normas de comunicación e expresión escrita.
Principais características da correspondencia comercial.
A carta comercial: estrutura, estilos e clases.
Tipos de formatos de documentos de uso por empresas e administracións públicas.
Buscadores de información.
Medios e equipamentos ofimáticos e telemáticos.
Correo electrónico.
Recepción, envío e rexistro de correspondencia.
Servizos postais: circulación interna de correspondencia e paquetaría.
Aplicación dos procedementos de seguridade e confidencialidade da información.

UD	Título da UD	Duración
4	Arquivo da información en soporte impreso e informático	12

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Arquiva información en soporte impreso e informático, e recoñece os criterios de eficiencia e aforro nos trámites administrativos.		
CA4.1 - Describiuse a finalidade de organizar a información, así como os obxectivos perseguidos.	PE	10
CA4.2 - Diferenciáronse as técnicas de organización de información que se poidan aplicar nunha empresa ou nunha institución, así como os procedementos habituais de rexistro, clasificación e distribución da información nas organizacións.	PE	10
CA4.3 - Identificáronse os soportes de arquivo e rexistro, así como as prestacións das aplicacións informáticas específicas máis utilizadas, en función das características da información que se almacene.	PE	10
CA4.4 - Identificáronse as principais bases de datos das organizacións, a súa estrutura e as súas funcións.	PE	10
CA4.5 - Determináronse os sistemas de clasificación, rexistro e arquivo acaídos para o tipo de documentos.	PE	10
CA4.6 - Realizáronse árbores de arquivos informáticos para ordenar a documentación dixital.	PE	10
CA4.7 - Aplicáronse as técnicas de arquivo nos intercambios de información telemática (intranet, extranet, correo electrónico, etc.).	PE	10
CA4.8 - Recoñecéronse os procedementos de consulta e conservación da información e da documentación, e detectáronse os erros que se puideran producir nel.	PE	10
CA4.9 - Respectouse a normativa e os niveis de protección, seguridade e acceso á información, tanto en documentos físicos como en bases de datos informáticas.	PE	10
CA4.10 - Aplicáronse, na elaboración e no arquivo da documentación, as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Arquivo da información en soporte impreso e informático
Arquivamento de información en papel:
Clasificación e ordenación dos documentos.
Normas de clasificación.
Vantaxes e inconvenientes.
Técnicas de arquivamento: natureza. Finalidade do ficheiro.

Contidos
Arquivamento de documentos. Recollida, tratamento dos datos e a súa custodia.
Sistemas de ficheiros: convencional, por microfilme e informático.
Clasificación da información.
Centralización ou descentralización do arquivo.
O proceso de presentación.
Elaboración e presentación de informes do arquivo.
A depuración ou destrución da documentación.
Confidencialidade da información e documentación.
Arquivamento de información sobre soporte informático.
Bases de datos para o tratamento da información.
Estrutura e funcións dunha base de datos.
Procedementos de protección de datos.
Arquivos e cartafoles.
Organización en carpetas de correo electrónico e outros sistemas de comunicación telemática.

UD	Título da UD	Duración
5	Recoñecemento de necesidades da clientela	13

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Recoñece necesidades de posibles clientes aplicando técnicas de comunicación.		
CA5.1 - Desenvolvéronse técnicas de comunicación e habilidades sociais que faciliten a empatía coa clientela en situacións de atención ou asesoramento.	PE	12
CA5.2 - Identificáronse as fases do proceso de atención á clientela ou ás persoas consumidoras ou usuarias, a través de diferentes canles de comunicación.	PE	12
CA5.3 - Recoñecéronse os erros que se cometen máis habitualmente na comunicación coa clientela.	PE	12
CA5.4 - Identificouse o comportamento da clientela.	PE	12
CA5.5 - Analizáronse as motivacións de compra ou demanda dun servizo da clientela.	PE	12
CA5.6 - Obtívose, de ser o caso, a información histórica da clientela.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA5.7 - Adaptouse adecuadamente a actitude e o discurso á situación de partida.	PE	10
CA5.8 - Tívose en conta a adecuación da forma e da actitude na atención e no asesoramento á clientela, en función da canle de comunicación utilizada.	PE	10
CA5.9 - Distinguíronse as etapas dun proceso comunicativo.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Recoñecemento de necesidades da clientela
Concepto e identificación da clientela: clientela interna e externa.
Coñecemento da clientela e das súas motivacións.
Elementos da atención á clientela: ambiente, organización e empregados/as.
Fases da atención á clientela : recepción, seguimento, xestión e despedida.
Percepción da clientela sobre a atención recibida.
Satisfacción da clientela.
Procesos en contacto cos clientela externa.

UD	Título da UD	Duración
6	Atención de consultas, queixas e reclamacións	13

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Atende consultas, queixas e reclamacións de posibles clientes, aplicando a normativa en materia de consumo.		
CA6.1 - Describíronse as funcións do departamento de atención á clientela en empresas.	PE	10
CA6.2 - Interpretouse a comunicación recibida por parte da clientela.	PE	10
CA6.3 - Identificáronse os elementos da queixa ou da reclamación.	PE	10
CA6.4 - Recoñecéronse as fases do plan interno de resolución de queixas e reclamacións.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA6.5 - Identificouse e localizouse a información que cumpra subministrarlle á clientela.	PE	10
CA6.6 - Utilizáronse os documentos propios da xestión de consultas, queixas e reclamacións.	PE	10
CA6.7 - Formalizouse, de ser o caso, un escrito de resposta utilizando medios electrónicos ou outras canles de comunicación.	PE	10
CA6.8 - Recoñeceuse a importancia da protección do consumidor.	PE	10
CA6.9 - Identificouse a normativa en materia de consumo.	PE	10
CA6.10 - Diferenciáronse os tipos de demanda ou reclamación.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Atención de consultas, queixas e reclamacións
Departamento de atención á clientela: funcións.
Valoración da atención recibida pola clientela: reclamación, queixa, suxestións e parabéns.
Elementos dunha queixa ou reclamación.
Fases de resolución de queixas e reclamacións.
O/a consumidor/a.
Institucións de consumo.
Normativa de consumo.
Procedemento de recollida de reclamacións e denuncias.
Tramitación e xestión.
Seguimento da clientela perdida.

UD	Título da UD	Duración
7	Potenciación da imaxe da empresa	13

Criterios de avaliación	IA	%
RA7 - Potencia a imaxe de empresa, para o que aplica elementos e ferramentas do márketing.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA7.1 - Identificouse o concepto de márketing.	PE	20
CA7.2 - Recoñecéronse as funcións principais do márketing.	PE	20
CA7.3 - Valorouse a importancia do departamento de márketing.	PE	12
CA7.4 - Diferenciáronse as ferramentas e os elementos básicos do márketing.	PE	12
CA7.5 - Valorouse a importancia da imaxe corporativa para conseguir os obxectivos da empresa.	PE	12
CA7.6 - Valorouse a importancia das relacións públicas e a atención á clientela para a imaxe da empresa.	PE	12
CA7.7 - Identificouse a fidelización da clientela como un obxectivo prioritario do márketing.	PE	12

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - Potenciación da imaxe da empresa
Márketing na actividade económica: influencia na imaxe da empresa.
Natureza e alcance da comercialización.
Políticas de comunicación.
Publicidade: concepto, principios e obxectivos.
Relacións públicas.
Responsabilidade social corporativa.

UD	Título da UD	Duración
8	Aplicación de procedementos de calidade na atención á clientela	13

Criterios de avaliación	IA	%
RA8 - Aplica procedementos de calidade na atención á clientela, e identifica os estándares establecidos.		
CA8.1 - Identificáronse os factores que inflúen na prestación do servizo á clientela.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA8.2 - Describíronse as fases do procedemento de relación coa clientela.	PE	10
CA8.3 - Describíronse os estándares de calidade definidos na prestación do servizo.	PE	10
CA8.4 - Valorouse a importancia dunha actitude proactiva para se adiantar á incidencias nos procesos.	PE	10
CA8.5 - Detectáronse os erros producidos na prestación do servizo.	PE	10
CA8.6 - Aplicouse o tratamento adecuado na xestión das anomalías producidas.	PE	10
CA8.7 - Explicouse o significado e a importancia do servizo posvenda nos procesos comerciais.	PE	10
CA8.8 - Definíronse as variables constitutivas do servizo posvenda e a súa relación coa fidelización da clientela.	PE	10
CA8.9 - Identificáronse as situacións comerciais que precisan seguimento e servizo posvenda.	PE	10
CA8.10 - Describíronse os métodos máis utilizados habitualmente no control de calidade do servizo posvenda, así como as súas fases e as súas ferramentas.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC8 - Aplicación de procedementos de calidade na atención á clientela
Calidade do servizo como elemento da competitividade da empresa.
Tratamento das anomalías producidas na prestación do servizo.
Procedementos de control do servizo.
Avaliación e control do servizo.
Control do servizo posvenda.
Fidelización da clientela.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Selección de técnicas de comunicación empresarial	13

	Actividade	Descrición	Duración
1	Aprendizaxe dos procesos de comunicación e información.	Conceptos e diferenzas da comunicación e da información.	13

Criterios de avaliación

RA1 - Selecciona técnicas de comunicación en relación coa estrutura e a imaxe da empresa, e cos fluxos de información existentes nela.

CA1.1 - Recoñeceuse a necesidade de comunicación entre as persoas.

CA1.2 - Distinguiuse entre comunicación e información.

CA1.3 - Distinguíronse os elementos e os procesos que interveñen na comunicación.

CA1.4 - Recoñecéronse os obstáculos que poidan existir nun proceso de comunicación.

CA1.5 - Determinouse o mellor xeito e a mellor actitude á hora de presentar a mensaxe.

CA1.6 - Identificáronse os conceptos de imaxe e cultura da empresa.

CA1.7 - Diferenciáronse os tipos de organizacións e o seu organigrama funcional.

CA1.8 - Distinguíronse as comunicacións internas e externas, e os fluxos de información dentro da empresa.

CA1.9 - Seleccionouse o destinatario e a canle acaída para cada situación.

Contidos

BC1 - Selección de técnicas de comunicación empresarial

C1.1 - Elementos e barreiras da comunicación.

C1.2 - Comunicación e información e comportamento.

C1.3 - Relacións humanas e laborais na empresa.

C1.4 - Escoita activa, empatía e asertividade.

C1.5 - Organización empresarial. Organigramas.

C1.6 - Principios e tipos de organización empresarial.

C1.7 - Tipos de departamentos e áreas funcionais.

C1.8 - Funcións do persoal na organización.

C1.9 - Descrición dos fluxos de comunicación.

C1.10 - Comunicación interna na empresa: comunicación formal e informal.

C1.11 - Comunicación externa na empresa. Publicidade e relacións públicas.

Obxectivos específicos Aprendizaxe dos conceptos e procesos básicos da comunicación e da información.
Resultados ou produtos Arquivo elaborado polo alumnado e entregado na plataforma de teleformación, coas tarefas resoltas segundo as instrucións da unidade para avaliar o progreso no resultado de aprendizaxe traballado.
Recursos específicos Ordenadores con conexión a Internet Plataforma de teleformación de FP a distancia Contidos e recursos aloxados na mesma.

UD	Título da UD	Duración
2	Transmisión de comunicación oral na empresa	12

	Actividade	Descrición	Duración
1	A comunicación oral.	Coñecemento da comunicación oral: concepto, elementos, proceso e técnicas.	12

Criterios de avaliación

RA2 - Transmite información de xeito oral, tendo en conta os usos e os costumes socioprofesionais habituais da empresa.

CA2.1 - Identificáronse os principios básicos que cumpra ter en conta na comunicación verbal.

CA2.2 - Identificouse o protocolo de comunicación verbal e non verbal nas comunicacións presenciais e non presenciais.

CA2.3 - Tivéronse en conta os costumes socioculturais e os usos empresariais.

CA2.4 - Identificouse o interlocutor consonte as debidas normas de protocolo, e adaptouse a actitude e a conversa á situación da que se parta.

CA2.5 - Elaborouse a mensaxe verbal de maneira concreta e precisa, tendo en conta as dificultades posibles na súa transmisión.

CA2.6 - Utilizáronse as expresións e o léxico que mellor se adapten ao tipo de comunicación e ás persoas interlocutoras.

CA2.7 - Presentouse a mensaxe verbal elaborada utilizando a linguaxe non verbal máis axeitada.

CA2.8 - Utilizáronse equipamentos de telefonía e informáticos, e aplicáronse as normas básicas de uso.

CA2.9 - Valorouse se a información se transmite con claridade, de xeito estruturado, con precisión, con cortesía, con respecto e con sensibilidade.

CA2.10 - Analizáronse os erros cometidos e propuxéronse as accións correctivas necesarias.

Contidos

BC2 - Transmisión de comunicación oral na empresa

C2.1 - Principios das comunicación orais.

C2.2 - Normas de información e atención oral.

C2.3 - Técnicas de comunicación oral, habilidades sociais e protocolo.

C2.4 - Clases de comunicación oral: diálogo, discurso, debate e entrevista.

C2.5 - Comunicación non verbal: elementos.

C2.6 - Comunicación verbal dentro da empresa.

C2.7 - Comunicación telefónica:

C2.8 - O teléfono e o seu uso.

C2.9 - A central. Uso do directorio telefónico.

C2.10 - Normas para falar correctamente por teléfono.

C2.11 - Informática nas comunicacións verbais.

C2.12 - Comunicacións na recepción de visitantes: recepción, identificación, xestión e despedida.

Obxectivos específicos

Aprendizaxe dos aspectos básicos da comunicación oral na empresa

Resultados ou produtos

Arquivo elaborado polo alumnado e entregado na plataforma de teleformación, coas tarefas resoltas segundo as instrucións da unidade para avaliar o progreso no resultado de aprendizaxe traballado.

Recursos específicos

Ordenadores con conexión a Internet
Plataforma de teleformación de FP a distancia
Contidos e recursos aloxados na mesma.

UD	Título da UD	Duración
3	Transmisión de comunicación escrita na empresa	14

	Actividade	Descrición	Duración
1	A comunicación escrita na empresa	Coñecer as normas e regras da comunicación escrita e identificar os escritos propios das empresas.	14

Criterios de avaliación

RA3 - Transmite información escrita aplicando as técnicas de estilo a cada tipo de documento propio da empresa e da Administración pública.

CA3.1 - Identificáronse os soportes para elaborar e transmitir os documentos: tipo de papel, sobres, etc.

CA3.2 - Identificáronse as canles de transmisión: correo convencional e electrónico, fax, mensaxes curtas, etc.

CA3.3 - Diferenciáronse os soportes máis axeitados en función dos criterios de rapidez, seguridade e confidencialidade.

CA3.4 - Identificouse a persoa destinataria conforme as debidas normas de protocolo.

CA3.5 - Clasificáronse os tipos máis habituais de documentos dentro da empresa segundo a súa finalidade.

CA3.6 - Redactouse o documento apropiado cumprindo as normas ortográficas e sintácticas, en función da súa finalidade e da situación de partida.

CA3.7 - Identificáronse as ferramentas de procura de información para elaborar a documentación.

CA3.8 - Utilizáronse as aplicacións informáticas de procesamento de textos ou autoedición.

CA3.9 - Formalizáronse os libros de rexistro de entrada e saída de correspondencia e paquetaría en soporte informático e convencional.

CA3.10 - Utilizouse a normativa sobre protección de datos e conservación de documentos establecidos para as empresas, e para as institucións públicas e privadas.

CA3.11 - Aplicáronse, na elaboración da documentación, as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).

Contidos

BC3 - Transmisión de comunicación escrita na empresa

C3.1 - Comunicación escrita na empresa.

C3.2 - Normas de comunicación e expresión escrita.

C3.3 - Principais características da correspondencia comercial.

C3.4 - A carta comercial: estrutura, estilos e clases.

C3.5 - Tipos de formatos de documentos de uso por empresas e administracións públicas.

C3.6 - Buscadores de información.

C3.7 - Medios e equipamentos ofimáticos e telemáticos.

C3.8 - Correo electrónico.

C3.9 - Recepción, envío e rexistro de correspondencia.

C3.10 - Servizos postais: circulación interna de correspondencia e paquetaría.

C3.11 - Aplicación dos procedementos de seguridade e confidencialidade da información.

Obxectivos específicos

Aprendizaxe dos conceptos e estilos da comunicación escrita aplicando as técnicas de estilo aos documentos da empresa e da Administración pública.

Resultados ou produtos

Arquivo elaborado polo alumnado e entregado na plataforma de teleformación, coas tarefas resoltas segundo as instrucións da unidade para avaliar o progreso no resultado de aprendizaxe traballado.

Recursos específicos

Ordenadores con conexión a Internet
Plataforma de teleformación de FP a distancia
Contidos e recursos aloxados na mesma.

UD	Título da UD	Duración
4	Arquivo da información en soporte impreso e informático	12

	Actividade	Descrición	Duración
1	Arquivar información en soporte impreso e informático.	Arquivar información en soporte impreso e informático, e recoñecer os criterios de eficiencia.	12

Criterios de avaliación

RA4 - Arquiva información en soporte impreso e informático, e recoñece os criterios de eficiencia e aforro nos trámites administrativos.

CA4.1 - Describiuse a finalidade de organizar a información, así como os obxectivos perseguidos.

CA4.2 - Diferenciáronse as técnicas de organización de información que se poidan aplicar nunha empresa ou nunha institución, así como os procedementos habituais de rexistro, clasificación e distribución da información nas organizacións.

CA4.3 - Identificáronse os soportes de arquivo e rexistro, así como as prestacións das aplicacións informáticas específicas máis utilizadas, en función das características da información que se almacene.

CA4.4 - Identificáronse as principais bases de datos das organizacións, a súa estrutura e as súas funcións.

CA4.5 - Determináronse os sistemas de clasificación, rexistro e arquivo acaídos para o tipo de documentos.

CA4.6 - Realizáronse árbores de arquivos informáticos para ordenar a documentación dixital.

CA4.7 - Aplicáronse as técnicas de arquivo nos intercambios de información telemática (intranet, extranet, correo electrónico, etc.).

CA4.8 - Recoñecéronse os procedementos de consulta e conservación da información e da documentación, e detectáronse os erros que se puideran producir nel.

CA4.9 - Respectouse a normativa e os niveis de protección, seguridade e acceso á información, tanto en documentos físicos como en bases de datos informáticas.

CA4.10 - Aplicáronse, na elaboración e no arquivo da documentación, as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).

Contidos

BC4 - Arquivo da información en soporte impreso e informático

C4.1 - Arquivamento de información en papel:

C4.2 - Clasificación e ordenación dos documentos.

C4.3 - Normas de clasificación.

C4.4 - Vantaxes e inconvenientes.

C4.5 - Técnicas de arquivamento: natureza. Finalidade do ficheiro.

C4.6 - Arquivamento de documentos. Recollida, tratamento dos datos e a súa custodia.

C4.7 - Sistemas de ficheiros: convencional, por microfilme e informático.

C4.8 - Clasificación da información.

C4.9 - Centralización ou descentralización do arquivo.

C4.10 - O proceso de presentación.

C4.11 - Elaboración e presentación de informes do arquivo.

C4.12 - A depuración ou destrución da documentación.

C4.13 - Confidencialidade da información e documentación.

C4.14 - Arquivamento de información sobre soporte informático.

C4.15 - Bases de datos para o tratamento da información.

C4.16 - Estrutura e funcións dunha base de datos.

C4.17 - Procedementos de protección de datos.

C4.18 - Arquivos e cartafoles.

C4.19 - Organización en carpetas de correo electrónico e outros sistemas de comunicación telemática.

Obxectivos específicos

Aprender a arquivar información en soporte impreso e informático.

Resultados ou produtos

Arquivo elaborado polo alumnado e entregado na plataforma de teleformación, coas tarefas resoltas segundo as instrucións da unidade, para avaliar o progreso no resultado de aprendizaxe traballado.

Recursos específicos

Ordenadores con conexión a internet
Plataforma de teleformación de FP distancia
Contidos e recursos colgados na mesma. Arquivos subidos á aula virtual.

UD	Título da UD	Duración
5	Recoñecemento de necesidades da clientela	13

	Actividade	Descrición	Duración
1	Técnicas para recoñecer aos clientes e identificar as súas necesidades	Aprender a recoñecer as necesidades de posibles clientes aplicando técnicas de comunicación.	13

Criterios de avaliación

RA5 - Recoñece necesidades de posibles clientes aplicando técnicas de comunicación.

CA5.1 - Desenvolvéronse técnicas de comunicación e habilidades sociais que faciliten a empatía coa clientela en situacións de atención ou asesoramento.

CA5.2 - Identificáronse as fases do proceso de atención á clientela ou ás persoas consumidoras ou usuarias, a través de diferentes canles de comunicación.

CA5.3 - Recoñecéronse os erros que se cometen máis habitualmente na comunicación coa clientela.

CA5.4 - Identificouse o comportamento da clientela.

CA5.5 - Analizáronse as motivacións de compra ou demanda dun servizo da clientela.

CA5.6 - Obtívose, de ser o caso, a información histórica da clientela.

CA5.7 - Adaptouse adecuadamente a actitude e o discurso á situación de partida.

CA5.8 - Tívose en conta a adecuación da forma e da actitude na atención e no asesoramento á clientela, en función da canle de comunicación utilizada.

CA5.9 - Distinguíronse as etapas dun proceso comunicativo.

Contidos

BC5 - Recoñecemento de necesidades da clientela

C5.1 - Concepto e identificación da clientela: clientela interna e externa.

C5.2 - Coñecemento da clientela e das súas motivacións.

C5.3 - Elementos da atención á clientela: ambiente, organización e empregados/as.

C5.4 - Fases da atención á clientela : recepción, seguimento, xestión e despedida.

C5.5 - Percepción da clientela sobre a atención recibida.

C5.6 - Satisfacción da clientela.

C5.7 - Procesos en contacto cos clientela externa.

Obxectivos específicos

Aprendizaxe das técnicas de comunicación na atención os clientes

Resultados ou produtos

Arquivo elaborado polo alumnado e entregado na plataforma de teleformación, coas tarefas resoltas segundo as

instrucións da unidade, para avaliar o progreso no resultado de aprendizaxe traballado.
Recursos específicos Ordenadores con conexión a Internet Plataforma de teleformación de FP a distancia Contidos e recursos aloxados na mesma.

UD	Título da UD	Duración
6	Atención de consultas, queixas e reclamacións	13

	Actividade	Descrición	Duración
1	Atención de consultas, queixas e reclamacións	Atende consultas, queixas e reclamacións de posibles clientes, aplicando a normativa en materia de consumo.	13

Criterios de avaliación

RA6 - Atende consultas, queixas e reclamacións de posibles clientes, aplicando a normativa en materia de consumo.

CA6.1 - Describíronse as funcións do departamento de atención á clientela en empresas.

CA6.2 - Interpretouse a comunicación recibida por parte da clientela.

CA6.3 - Identificáronse os elementos da queixa ou da reclamación.

CA6.4 - Recoñecéronse as fases do plan interno de resolución de queixas e reclamacións.

CA6.5 - Identificouse e localizouse a información que cumpra subministrarlle á clientela.

CA6.6 - Utilizáronse os documentos propios da xestión de consultas, queixas e reclamacións.

CA6.7 - Formalizouse, de ser o caso, un escrito de resposta utilizando medios electrónicos ou outras canles de comunicación.

CA6.8 - Recoñeceuse a importancia da protección do consumidor.

CA6.9 - Identificouse a normativa en materia de consumo.

CA6.10 - Diferenciáronse os tipos de demanda ou reclamación.

Contidos

BC6 - Atención de consultas, queixas e reclamacións

C6.1 - Departamento de atención á clientela: funcións.

C6.2 - Valoración da atención recibida pola clientela: reclamación, queixa, suxestións e parabéns.

C6.3 - Elementos dunha queixa ou reclamación.

C6.4 - Fases de resolución de queixas e reclamacións.

C6.5 - O/a consumidor/a.

C6.6 - Institucións de consumo.

C6.7 - Normativa de consumo.

C6.8 - Procedemento de recollida de reclamacións e denuncias.

C6.9 - Tramitación e xestión.

C6.10 - Seguimento da clientela perdida.

Obxectivos específicos Aprendizaxe dos procedementos de atención a consultas, queixas e reclamacións de posibles clientes.
Resultados ou produtos Arquivo elaborado polo alumnado e entregado na plataforma de teleformación, coas tarefas resoltas segundo as instrucións da unidade para avaliar o progreso no resultado de aprendizaxe traballado.
Recursos específicos Ordenadores con conexión a Internet Plataforma de teleformación de FP a distancia Contidos e recursos aloxados na mesma.

UD	Título da UD	Duración
7	Potenciación da imaxe da empresa	13

	Actividade	Descrición	Duración
1	A imaxe da empresa	Como potencian as empresas a súa imaxe e como utilizan as ferramentas de mercadotecnia.	13

Criterios de avaliación

RA7 - Potencia a imaxe de empresa, para o que aplica elementos e ferramentas do márketing.

CA7.1 - Identificouse o concepto de márketing.

CA7.2 - Recoñecéronse as funcións principais do márketing.

CA7.3 - Valorouse a importancia do departamento de márketing.

CA7.4 - Diferenciáronse as ferramentas e os elementos básicos do márketing.

CA7.5 - Valorouse a importancia da imaxe corporativa para conseguir os obxectivos da empresa.

CA7.6 - Valorouse a importancia das relacións públicas e a atención á clientela para a imaxe da empresa.

CA7.7 - Identificouse a fidelización da clientela como un obxectivo prioritario do márketing.

Contidos

BC7 - Potenciación da imaxe da empresa

C7.1 - Márketing na actividade económica: influencia na imaxe da empresa.

C7.2 - Natureza e alcance da comercialización.

C7.3 - Políticas de comunicación.

C7.4 - Publicidade: concepto, principios e obxectivos.

C7.5 - Relacións públicas.

C7.6 - Responsabilidade social corporativa.

Obxectivos específicos

Aprendizaxe de como potenciar a imaxe da empresa mediante o uso de elementos e ferramentas de márketing.

Resultados ou produtos

Arquivo elaborado polo alumnado e entregado na plataforma de teleformación, coas tarefas resoltas segundo as instrucións da unidade para avaliar o progreso no resultado de aprendizaxe traballado.

Recursos específicos

Ordenadores con conexión a Internet
Plataforma de teleformación de FP a distancia
Contidos e recursos aloxados na mesma.

UD	Título da UD	Duración
8	Aplicación de procedementos de calidade na atención á clientela	13

	Actividade	Descrición	Duración
1	Calidade na atención a clientela.	Como se aplican procedementos de calidade na atención á clientela.	13

Criterios de avaliación

RA8 - Aplica procedementos de calidade na atención á clientela, e identifica os estándares establecidos.

CA8.1 - Identificáronse os factores que inflúen na prestación do servizo á clientela.

CA8.2 - Describíronse as fases do procedemento de relación coa clientela.

CA8.3 - Describíronse os estándares de calidade definidos na prestación do servizo.

CA8.4 - Valorouse a importancia dunha actitude proactiva para se adiantar á incidencias nos procesos.

CA8.5 - Detectáronse os erros producidos na prestación do servizo.

CA8.6 - Aplicouse o tratamento adecuado na xestión das anomalías producidas.

CA8.7 - Explicouse o significado e a importancia do servizo posvenda nos procesos comerciais.

CA8.8 - Defiríronse as variables constitutivas do servizo posvenda e a súa relación coa fidelización da clientela.

CA8.9 - Identificáronse as situacións comerciais que precisan seguimento e servizo posvenda.

CA8.10 - Describíronse os métodos máis utilizados habitualmente no control de calidade do servizo posvenda, así como as súas fases e as súas ferramentas.

Contidos

BC8 - Aplicación de procedementos de calidade na atención á clientela

C8.1 - Calidade do servizo como elemento da competitividade da empresa.

C8.2 - Tratamento das anomalías producidas na prestación do servizo.

C8.3 - Procedementos de control do servizo.

C8.4 - Avaliación e control do servizo.

C8.5 - Control do servizo posvenda.

C8.6 - Fidelización da clientela.

Obxectivos específicos

Aprendizaxe das actividades e procedementos de calidade na atención á clientela.

Resultados ou produtos

Arquivo elaborado polo alumnado e entregado na plataforma de teleformación, coas tarefas resoltas segundo as instrucións da unidade para avaliar o progreso no resultado de aprendizaxe traballado.

Recursos específicos

Ordenadores con conexión a Internet
Plataforma de teleformación de FP a distancia
Contidos e recursos aloxados na mesma.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Dado o carácter a distancia e modular do proceso formativo, no que o alumnado accede de maneira autónoma e progresiva aos contidos, non resulta pertinente realizar unha avaliación inicial presencial nin baseada nunha secuencia común para todo o grupo. Non obstante, lévase a cabo unha avaliación diagnóstica indirecta, que permite obter unha primeira aproximación ao punto de partida do alumnado e axustar o desenvolvemento do módulo ás súas necesidades.
Esta avaliación baséase en:

- As comunicacións na plataforma de teleformación mediante mensaxería interna, foros xerais e específicos das unidades, e o taboleiro de anuncios para información oficial. Ademais, a retroalimentación nas tarefas e, nas videoconferencias e información recollida nas sesións presenciais, permiten manter un contacto continuo e estruturado entre profesorado e alumnado.

Esta información recollida permite axustar o nivel de dificultade, o ritmo e o apoio ofertado, favorecendo unha adaptación progresiva ao traballo autónomo característico da modalidade a distancia

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	11	12	15	12	12	12	12
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	100
Proba escrita	100	100

Procedemento e criterios de cualificación:

As tarefas puntuarán un 10% da nota final e o exame un 90%.
En cada avaliación realizarase unha proba obxectiva teórico-práctica, que será imprescindible para superar dita avaliación. Para acadar unha cualificación positiva, o alumnado deberá obter nesta proba unha nota igual ou superior a 5.

A cualificación final do módulo calcularase como a media aritmética ponderada das probas obxectivas correspondentes ás 8 unidades didácticas, aplicando a ponderación establecida para cada unha delas no apartado 2.1 desta programación.
O proceso de cualificación require introducir no Xade unicamente números enteiros. Por este motivo, establécese que as cualificacións con dous decimais se redondearán do seguinte modo: cando a nota sexa superior a .50 (por exemplo, 5,51), redondearase ao enteiro superior (6); cando a nota sexa exactamente .50 ou inferior (por exemplo, 5,50), redondearase ao enteiro inferior (5).

Procedemento e criterios de recuperación

No mes de xuño realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que suspenderan, ou non se presentaran, a algún dos exames.
A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalas.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na modalidade de distancia adultos non hai módulos pendentes.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

No réxime de ensinanza a distancia non se contempla a perda do dereito á avaliación continua; por este motivo, non é necesario definir unha proba extraordinaria específica para este alumnado.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

As medidas de reforzo consistirán na atención personalizada mediante titorías individuais ou colectivas, que poderán desenvolverse de forma presencial, en liña e/ou a través do correo electrónico, co obxectivo de apoiar ao alumnado que presente dificultades para acadar os obxectivos programados.

8.1. Programación da educación en valores.

Transmitiranse valores cívicos que contribúan a que o alumnado adquira unha maior conciencia cidadá e saiba comportarse de maneira axeitada no ámbito profesional.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Inicialmente, non se prevé a realización de actividades complementarias ou extraescolares específicas asociadas a esta materia.
No caso de que xurda unha proposta que contribúa ao desenvolvemento dos obxectivos didácticos, esta será presentada á dirección do centro para a súa valoración e, de ser aprobada, planificarase e organizarase de maneira axeitada.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Realizarase un seguimento sistemático da programación ao longo do curso.
Mensualmente realizarase unha revisión do desenvolvemento da programación para comprobar o seu avance e introducir, se é preciso, as modificacións oportunas.
Ao remate do ano realizarase unha valoración global do grao de cumprimento da programación e dos resultados obtidos.
Así mesmo, ao final do curso académico aplicarase unha enquisa anónima ao alumnado co fin de recoller información sobre a práctica docente. Os resultados desta enquisa empregaranse como ferramenta de reflexión para a mellora continua e para a actualización da programación en cursos posteriores.

11.1. Outros apartados.

1. Aula virtual.

.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2ADG000100 - Xestión administrativa	B

Módulo
MP1664 - Dixitalización aplicada aos sectores produtivos (GM) (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime modular	Distancia	Xeral	B

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
1	30	50	36	19

Profesorado responsable

Docentes
Correa Rios, Tania

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 8

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 18

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 18

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 19

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 19

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 19

8.1. Programación da educación en valores. 20

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 20

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 20

11.1. Outros apartados. 20

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O título de Técnico en Xestión Administrativa concederá a posibilidade de exercer a actividade en calquera sector produtivo dentro da área de administración, realizando actividades de administración e de atención a clientela ou ben realizando funcións de organización e xestión do seu propio negocio.
En canto á súa adecuación ao ámbito produtivo, o currículo deste módulo prepara os alumnos para a súa inserción laboral nas empresas localizadas na contorna de Pontevedra. O IES Luís Seoane está ubicado no barrio de Monteporreiro, concello de Pontevedra, no que se pode denominar un entorno urbano.
Trátase dun centro que traballa de forma coordinada pola mellora continua, a convivencia e a inclusión. Dispón de espazos e medios técnicos axeitados para os ciclos de comercio e traballa na actualización destes e na formación do equipo docente de forma continua.
CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.

CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.

Contidos

BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.

C2.5 - Estratexias para o control emocional e a actitude flexible nas relacións interpersoais.

C2.7 - Estratexias de xestión de conflitos e adaptación positiva ante cambios no contorno laboral.

Obxectivos específicos

Aplicar estratexias para canalizar as emocións, mostrando unha actitude flexible e respectuosa nas relacións interpersoais dentro do contorno profesional.

Reaccionar de xeito flexible e positivo ante conflitos ou situacións novas, empregando técnicas de intelixencia emocional para aproveitar oportunidades e xestionar dificultades no ámbito laboral.

Resultados ou produtos

O alumnado elaborará apuntes e esquemas sobre a intelixencia emocional e a xestión de conflictos, tamén se poderanse propoñer exercicios de autocoñecemento e dinámicas de xestión emocional.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

UD	Título da UD	Duración
3	Innovación e sostibilidade.	6

	Actividade	Descrición	Duración
1	Innovación e metodoloxías para emprender	A innovación e as metodoloxías para emprender fomentan a creatividade e a capacidade de buscar novas solucións. Esta actividad axuda a desenvolver iniciativa, pensamento crítico e habilidades para transformar ideas en proxectos reais. Esta materia ten como finalidade comprender a relación entre innovación, emprendemento e desenvolvemento sostible, analizando como estes elementos contribúen á mellora do benestar individual e colectivo. O proxecto pretende fomentar no alumnado unha mentalidade creativa e emprendedora que lle permita identificar oportunidades de mellora dentro do ámbito dos recursos humanos e da selección de persoal.	2

Criterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.1 - Identificouse o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.

CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.1 - Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.

C3.2 - A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.

Obxectivos específicos

Identificar o concepto de innovación e analizar a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible, que contribúa ao benestar das persoas e das organizacións.

Analizar as metodoloxías para emprender e valorar a súa importancia como ferramentas que favorecen a innovación, a creación de emprego e o progreso social.

Resultados ou produtos

Como resultado do proxecto, o alumnado elaborará apuntes e mapas conceptuais sobre os conceptos de innovación e emprendemento.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Habilidades emprendedoras e traballo colaborativo	As habilidades emprendedoras e o traballo colaborativo fomentan a iniciativa, a creatividade e a responsabilidade compartida. Esta actividad axuda a coordinar esforzos, aproveitar ideas diversas e acadar obxectivos comúns. Esta materia ten como obxectivo promover no alumnado o desenvolvemento das habilidades emprendedoras necesarias para impulsar o emprendemento e o intraemprendemento dentro das organizacións. O proxecto céntrase en identificar e fortalecer competencias como a iniciativa, a creatividade, a autonomía, a capacidade para asumir riscos calculados e a orientación a resultados.	2

Criterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.

CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.3 - Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.

C3.4 - Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.

Obxectivos específicos

Aplicar as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento, demostrando iniciativa, responsabilidade e capacidade de innovación.

Poñer en práctica o traballo colaborativo como requisito fundamental para o desenvolvemento de procesos de innovación, participando activamente en equipos e contribuíndo ao logro de obxectivos compartidos.

Resultados ou produtos

Como resultado do proxecto, o alumnado elaborará apuntes e esquemas sobre as habilidades emprendedoras

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Competencia dixital e obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade	A competencia dixital e os obxectivos das políticas e iniciativas de sostibilidade permiten usar a tecnoloxía de forma responsable para favorecer un desenvolvemento sustentable. Esta actividad busca concienciar, promover boas prácticas e mellorar habilidades dixitais aplicadas á sustentabilidade. Este proxecto ten como finalidade analizar e aplicar a competencia dixital como motor de innovación dentro do ámbito da selección de persoal. A materia céntrase na comprensión do papel que desempeñan as tecnoloxías dixitais e a intelixencia artificial (IA) na transformación dos procesos produtivos e na xestión do talento humano. Preténdese que o alumnado desenvolva a competencia dixital necesaria para modernizar os procedementos de recrutamento, avaliación e contratación, identificando novas oportunidades de mellora e eficiencia.	1

Criterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo.

CA3.5.1 - Identificáronse as competencias dixitais clave para a innovación profesional.

CA3.5.2 - Analizouse o impacto da intelixencia artificial.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.5 - A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.

C3.5.1 - A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.

C3.5.2 - Uso de ferramentas dixitais, intelixencia artificial e tecnoloxías emerxentes para a modernización dos procesos produtivos.

Obxectivos específicos

Analizar o impacto da intelixencia artificial nos procesos de selección, avaliando vantaxes, limitacións e implicacións éticas

Aplicar ferramentas dixitais e aplicacións baseadas en IA para optimizar o recrutamento e a avaliación de candidatos

Resultados ou produtos

A alumnado elaborará apuntes sobre as competencias dixitais e a innovación profesional.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
4	A estratexia empresarial enfocada a un modelo económico e social sostible.	obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente permiten o desenrolo dun modelo económico e social sostible. Este proxecto ten como finalidade incorporar os principios da sostibilidade e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030. Preténdese que o alumnado comprenda como as políticas ambientais e sociais inflúen na xestión da empresa e como poden integrarse nunha estratexia empresarial responsable e sostible.	1

Criterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.

CA3.6.1 - Identificáronse as políticas e iniciativas de sostibilidade e ambiente vixentes.

CA3.6.2 - Incorporáronse os ODS á planificación empresarial e á responsabilidade social corporativa.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.6 - A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.

C3.7 - A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

Obxectivos específicos

Analizar os ODS máis relevantes e a súa vinculación coa estratexia empresarial.

Incorporar os principios da Axenda 2030 e os ODS á planificación empresarial e á responsabilidade social corporativa.

Resultados ou produtos

Espérase que o alumnado elabore apuntes e mapas conceptuais sobre as políticas e iniciativas de sostibilidade e sobre a integración dos ODS na estratexia empresarial.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

UD	Título da UD	Duración
4	Emprender con metodoloxías áxiles.	6

	Actividade	Descrición	Duración
1	Identificáronse os problemas das persoas e proposta de valor	Identificáronse os problemas das persoas para comprender necesidades reais e ofrecer solucións axeitadas. A proposta de valor céntrase en crear produtos ou servizos que aporten beneficios claros e significativos. Este proxecto ten como finalidade fomentar a análise crítica do contexto socioprodutivo e o desenvolvemento da creatividade aplicada á creación de proxectos empresariais con valor económico, social e cultural. A materia céntrase na identificación de problemas e necesidades reais do entorno (CA4.1), na análise das tendencias e oportunidades do mercado (CA4.1.1) e na formulación de hipóteses de solución baseadas nas demandas detectadas (CA4.1.2). Ademais, poténciase o proceso creativo como ferramenta para xerar ideas emprendedoras innovadoras (CA4.2), capaces de responder de maneira sostible e eficiente ás necesidades da sociedade e do tecido produtivo.	2

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.1 - Identificáronse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.

CA4.1.1 - Analizárouse o contexto socioprodutivo e detectar necesidades do mercado.

CA4.1.2 - Formuláronse hipóteses de solución inicial baseadas nas necesidades detectadas

CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.1 - Análise da contorna socioprodutiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.

C4.1.1 - Análise da contorna socioprodutiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.

C4.1.2 - Elaboración de propostas iniciais de valor a partir dos problemas identificados nas persoas destinatarias potenciais.

C4.2 - Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.

Obxectivos específicos

Analizar a contorna socioprodutiva e identificar problemas ou necesidades detectables no mercado ou na comunidade.

Formular hipóteses de solución iniciais que transformen esas necesidades en oportunidades emprendedoras.

Aplicar técnicas de creatividade e innovación para xerar ideas con potencial económico, social ou cultural.

Resultados ou produtos

O alumnado elaborará apunte sobre a análise da contorna socioprodutiva, as necesidades detectadas e posibles solucións e a descrición do seu valor engadido.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Deseño de modelo de negocio incorporando valores éticos e sociais	O deseño de modelos de negocio incorporando valores éticos e sociais busca crear proxectos responsables e sostibles. Esta actividade fomenta a toma de decisións conscientes, a responsabilidade social e o respecto polos valores comunitarios. Este proxecto ten como obxectivo principal que o alumnado desenvolva a capacidade de deseñar un modelo de negocio ou de xestión vinculado ao ámbito productivo, incorporando valores éticos, sociais e de sostibilidade. A materia céntrase en comprender como se estrutura un modelo de negocio segundo o sector produtivo (CA4.3) e como integrar nel principios de responsabilidade social e balance social (CA4.4).	2

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.3 - Deseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.

CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.3 - Deseño do modelo de negocio segundo o sector produtivo. Proposta de valor.

C4.4 - Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social.

Obxectivos específicos

Deseñar un modelo de negocio ou de xestión adaptado ao sector

Formular unha proposta de valor clara que defina o servizo, o público obxectivo e o seu impacto económico e social.

Realizar unha simulación dun balance social, analizando o grao de responsabilidade e impacto positivo do proxecto.

Resultados ou produtos

Apuntamentos sobre o deseño do modelo de negocio, con estrutura Canvas ou equivalente, a proposta de valor e o balance social simulado.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Análise contorna xeral e específica e contribución á economía circular	A análise da contorna xeral e específica permite comprender o contexto económico, social e ambiental dun proxecto. Esta actividade fomenta estratexias que favorezan a economía circular e un uso responsable dos recursos. Este proxecto ten como finalidade introducir ao alumnado nos principios da economía circular e da economía do ben común, e analizar como poden integrarse nun modelo de xestión sostible A materia aborda os fundamentos destas dúas correntes económicas (CA4.5.1), destacando a súa contribución a un modelo empresarial baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade (CA4.5).	1

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.5 - Analizouse a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.

CA4.5.1 - Explicáronse os principios da economía circular e do ben común.

CA4.5.2 - Aplicáronse estes principios á definición do proxecto emprendedor.

CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.5 - Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.

C4.6 - Análise dos principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.

Obxectivos específicos

Explicar os principios da economía circular e da economía do ben común

Aplicar estes principios ao deseño dun proxecto emprendedor ou plan de selección sostible.

Analizar os compoñentes da contorna xeral e específica e avaliar o seu impacto na idea emprendedora.

Resultados ou produtos

O alumnado realizará mapas conceptuais e apuntes sobre o temario impartido.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
4	Mapa de empatía, creación de propotipos e marketing	O mapa de empatía, a creación de prototipos e o marketing axudan a comprender as necesidades das persoas e a deseñar solucións efectivas. Esta actividade fomenta a innovación, a creatividade e a comunicación orientada ao usuario. Este proxecto ten como finalidade que o alumnado poña en práctica as fases de validación e experimentación dentro dun proceso de deseño emprendedor aplicado á selección de persoal. A materia céntrase en realizar entrevistas de problema para identificar e validar as necesidades das persoas destinatarias (CA4.7), elaborar prototipos de solución que respondan a esas necesidades (CA4.8) e experimentar con estratexias de márketing e comunicación para comprobar a súa eficacia (CA4.9).	1

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.

CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.

CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.7 - Realización de entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.

C4.8 - Validación da solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución. C4.9 - Experimentación coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.
Obxectivos específicos Realizar entrevistas de problema para validar o perfil e as necesidades das persoas destinatarias do proxecto. Deseñar e presentar un prototipo de solución que mostre o encaixe entre o problema detectado e a resposta proposta. Experimentar con estratexias de márketing e comunicación adaptadas ao ámbito dos recursos humanos.
Resultados ou produtos O alumnado realizará mapas conceptuais e apuntes sobre o temario impartido.
Recursos específicos Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

UD	Título da UD	Duración
5	Proxecto emprendedor con impacto.	7

	Actividade	Descrición	Duración
1	¿Que significa emprender hoxe?	Analizar que é o emprendemento, que valores implica e por que a innovación social pode mellorar o mundo. Nesta actividade o alumnado analizará os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social, así como os valores éticos, a sostibilidade, o impacto ambiental e a dixitalización no proxecto emprendedor. O obxectivo é comprender que emprender hoxe implica non só crear unha empresa, senón tamén xerar valor social e ambiental, utilizando a tecnoloxía como ferramenta para innovar e mellorar a sociedade.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.1 - Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.

Obxectivos específicos

Comprender os conceptos fundamentais de emprendemento e innovación social. ¿

Resultados ou produtos

O alumnado realizará mapas conceptuais e apuntes sobre o temario impartido.
ble.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Liderado ético e sostible.	Reflexionar sobre o liderado ético, sostible e o papel da tecnoloxía como ferramenta de cambio. Nesta actividade, o alumnado reflexionará sobre a	1

	Actividade	Descrición	Duración
2	Liderado ético e sostible.	importancia do liderado ético e sostible nas organizacións e sobre o papel da tecnoloxía como motor de cambio no modelo produtivo. A actividade promove a conciencia sobre os valores éticos, a responsabilidade social e a innovación tecnolóxica, fomentando a capacidade de liderar proxectos de forma colaborativa, sostible e orientada ao impacto positivo na sociedade.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.

CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo produtivo.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.2 - A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.

C5.9 - Liderado ético e sostible nas organizacións.

Obxectivos específicos

Reflexionar sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.

Analizar como a tecnoloxía pode transformar o modelo produtivo e apoiar proxectos innovadores.

Resultados ou produtos

O alumnado realizará mapas conceptuais e apuntes sobre o temario impartido.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Da necesidade á idea	Aplicar o design thinking para identificar problemas sociais/ambientais e propoñer solucións innovadoras e viables. Nesta actividade o alumnado aplicará estratexias propias do pensamento de deseño (design thinking) para detectar necesidades sociais e ambientais. O obxectivo é transformar estas necesidades en ideas innovadoras que poidan dar lugar a proxectos emprendedores con impacto. O proceso inclúe a identificación de problemas, a investigación de contextos, a xeneración de ideas e a	1

	Actividade	Descrición	Duración
3	Da necesidade á idea	selección da proposta máis viable, fomentando a creatividade, o traballo en equipo e a análise crítica.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.3 - Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.

Obxectivos específicos

Aplicar os principios e procesos do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.

Xerar propostas de solución innovadoras baseadas nas necesidades identificadas.

Resultados ou produtos

O alumnado realizará mapas conceptuais e apuntes sobre o temario impartido.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
4	Construíndo un modelo de negocio con impacto	Analizar como deseñar proxectos ecosociais ou tecnolóxicos aliñados cos ODS e financiados de forma responsable. O alumnado deseñará un modelo de negocio ecosocial e/ou tecnolóxico, integrando estratexias de emprendemento sostible e valores de economía social. Durante a actividade analizarán os elementos clave dun modelo de negocio, aliñarán as metas coas Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e incorporarán criterios de innovación e responsabilidade social. O obxectivo é que cada proxecto teña un impacto positivo na sociedade e no medio ambiente, ao tempo que sexa viable e innovador.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.

CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.

CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.5 - Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.

C5.5.1 - Elementos e fases do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou tecnolóxicos.

C5.5.2 - Integración dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nos modelos de negocio ecosociais e tecnolóxicos.

C5.6 - Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.

Obxectivos específicos

Identificar os elementos fundamentais dun modelo de negocio sostible e tecnolóxico.

Integrar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nos modelos de negocio do proxecto.

Investigar las opciones finalmente sostenibles

Resultados ou produtos

O alumnado realizará mapas conceptuais e apuntes sobre o temario impartido.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
5	¿O noso proxecto é viable?	Calcular custos, recursos e avaliar a viabilidade técnica, económica e social do proxecto. Nesta actividade, o alumnado aplicará as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do seu proxecto emprendedor. Isto inclúe avaliar aspectos técnicos, económicos e sociais, estimar custos, identificar recursos dispoñibles e fontes de financiamento responsables, e determinar se o proxecto pode ser implementado de forma sostible. A actividade fomenta o pensamento crítico, a planificación estratéxica e a toma de decisións fundamentadas.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.

CA5.7.1 - Estimáronse custos, recursos e fontes de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

CA5.7.2 - Avaliáronse a viabilidade técnica, económica e social do proxecto emprendedor.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.7 - Avaliación da viabilidade técnica, económica e social do proxecto emprendedor.

C5.8 - Custos, recursos e fontes de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

Obxectivos específicos

Aplicar ferramentas para avaliar a viabilidade técnica do proxecto, considerando recursos e capacidades dispoñibles.

Estimar custos, identificar recursos e fontes de financiamento socialmente responsables para a posta en marcha do proxecto.

Avaliar a viabilidade económica e social do proxecto emprendedor.

Resultados ou produtos

O alumnado realizará mapas conceptuais e apuntes sobre o temario impartido.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
6	Compartindo o noso proxecto co mundo	Identificar os axentes implicados e planificar a comunicación e difusión do proxecto en redes e espazos sociais. Identificar os axentes implicados e planificar a comunicación e difusión do proxecto en redes e espazos sociais. O alumnado analizará quen son as partes interesadas (clientes, provedores, administracións, entidades colaboradoras¿) e deseñará unha estratexia de comunicación para dar a coñecer o seu proxecto emprendedor a través de canles dixitais (web do centro, redes sociais, presentación pública, etc.). A actividade fomenta o traballo cooperativo, a competencia dixital e a capacidade de expresar ideas con claridade e impacto.	2

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.9 - Definíronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.

CA5.9.1 - Identificáronse as partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.

Contidos **BC5 - Proxecto emprendedor.** C5.4 - Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.
Obxectivos específicos Identificar e clasificar os axentes e partes interesadas no proxecto emprendedor. Utilizar ferramentas dixitais e redes sociais de forma responsable para dar visibilidade ao traballo do grupo.
Resultados ou produtos O alumnado realizará mapas conceptuais e apuntes sobre o temario impartido.
Recursos específicos Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Os obxectivos da avaliación inicial son:
- Determinar o nivel de coñecementos previos, habilidades e competencias do alumnado.
- Identificar necesidades educativas específicas (NEE), talentos, altas capacidades ou outras circunstancias persoais que requiran medidas de apoio ou enriquecemento.
- Avaliar factores emocionais, sociais ou contextuais que poidan influír no rendemento académico.

As ferramentas para a avaliación inicial poderán ser algunha das seguintes:
- Probas diagnósticas: preguntas ou actividades breves relacionadas cos obxectivos das unidades didácticas ou competencias clave do curso.
- Cuestionarios tipo test, preguntas abertas ou exercicios prácticos.
- Cuestionarios autoadministrados: para recoller información sobre os intereses, motivación e percepción do alumnado respecto á materia.
- Entrevistas individuais ou grupais: espazos breves para conversar co alumnado e identificar posibles dificultades ou fortalezas.
- Observación directa: nas primeiras semanas, o profesorado pode identificar indicadores de atención á diversidade mediante a observación de dinámicas de grupo e comportamentos.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**20**	**20**	**20**	**20**	**100**
Proba escrita	100	100	100	100	100	**100**

Procedemento e criterios de cualificación:

IPE II
DISTRIBUCIÓN DOS EXAMES E TIPO DE PREGUNTAS
Realizarase unha proba por trimestre. En cada unidade didáctica agruparase ó menos 2 unidades didácticas no caso do 1ª e do 2ª trimestre e unha unidade didáctica no caso do 3ª trimestre.
Os exames serán tipo test. O número de preguntas poderá variar dun a outro exame.
CUALIFICACIÓN DOS EXAMES E TRABALLOS
Para superar unha unidade haberá que obter unha media de 5. Os exames serán calificados sobre 10.
LISTAXE DE UNIDADES DIDÁCTICAS E PESOS CORRESPONDIENTES.
A programación de IPE II componse de 5 UD.
A nota final de cada avaliación obtense mediante unha media ponderada das unidades didácticas rematadas ata ese momento dende o inicio do curso. A ponderación das unidades didácticas no global da programación realizarase de maneira análoga á de cada un dos criterios dentro de cada unidade individual.
Exemplo da obtención das notas dos diferentes trimestres sería a seguinte fórmula:
[UD1(nota acadada polo alumno nos diversos instrumentos de avaliación, exame e traballos prácticos...)x (peso UD1)] +[UD2 (nota)x(peso UD2)/ peso UD1+ peso UD2]
No caso de que algunha unidade non supere o 5, a nota final da avaliación será suspensa e deberase de repetir o exame para recuperar as unidades non superadas. A nota numérica asignada será igual á media ponderada da avaliación, asignando como nota un 4 no caso de que a media sexa superior.
Chamaremos C.D.1t, C.D.2t e C.D.3t ás cualificacións definitivas das respectivas avaliacións parciais. Teremos en conta que a nota da C.D.3 t ten que ser a mesma que á nota final.(C.F)
Exemplo da obtención das notas na terceira e final sería a seguinte fórmula:
Calculo C.F = [(UD1 x Peso UD1) + (UD2 x Peso UD2) + (UD3 x Peso UD3) + (UD4 x Peso UD4 + (UD5 x Peso UD5)] /100

Se todas as unidades igualan ou superan o 5, a nota final obtida redondearase cara arriba ata o seguinte número enteiro en caso de que a parte decimal sexa igual ou superior a 0,5. En caso contrario, o redondeo realizarase cara abaixo.
Para aprobar/superar o módulo terá que ser CF igual ou superior a 5 e haberá que ter todas as unidades superadas.

Procedemento e criterios de recuperación

1. Conservaranse os trimestres superados de cara á recuperación final. No caso de que non se tivera presentado a ningún exame durante os diferentes trimestres terá que ir o exame completo da materia.
2. Os alumnos con avaliacións pendentes terán que realizar un exame final para superar o módulo cos trimestres non superados ou non presentados en xuño.
3.O número de preguntas relacionadas con cada criterio de avaliación deberase de facer proporcionalmente co número de unidades didácticas a recuperar posto que o tempo para a realización do exame é limitado. Serán preguntas tipo test.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1. O alumnado con materias pendentes terán a súa disposición un aula virtual onde se lle indicarán as instrucción a seguir para a recuperación trimestre a trimestre da materia que teñan pendente. Este é o primeiro ano de docencia de IPE II polo que nos atoparemos coa situación de que non teremos alumnos neste caso.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Non procede para esta modalidadde. Si debemos sinalar que de non se ter presentado ó longo do curso dito alumnado realizará un examen final con preguntas tipo test no mes de xuño. Como se trata dun exame moito máis longo que os examen ordinarios a súa duración tamén será supeior.
A cualificación para ser apto no módulo deberá ser igual ou superior a 5 puntos.
Será aplicable a este exame as normas de actuación detalladas no apartado de criterios de avaliación.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Algúns dos obxectivos do plan de reforzo serán:
1. Consolidar os coñecementos básicos necesarios para superar o módulo.
2. Desenvolver competencias prácticas nas áreas de maior dificultade, como dereitos laborais, seguridade e saúde no traballo ou o proceso de procura de emprego.
3. Fomentar hábitos de estudo eficaces e a aplicación práctica dos contidos do módulo.
4. Garantir o cumprimento dos requisitos de avaliación establecidos.
As estratexias de reforzo estarán centradas nos contidos do módulo e na revisión e explicación detallada dos contidos máis problemáticos.
Algunha de elas serán as seguintes:
- Adaptarase o material didáctico na medida do posible mediante resumos simplificados dos temas principais e a facilitación de recursos audiovisuais para facer máis compresible os contidos.
- Individualizarase o seguimento na medida do posible tendo en conta os recursos como son a capacidade e o tempo dispoñible e daráselle retroalimentación ó alumno/a para reforzar logros e identificar puntos de mellora.
- Adaptaranse os tempos para a realización das probas no caso de ser necesario
As medidas sinaladas con anterioridade serán aplicadas sempre e cando o alumno en cuestión informe cun tempo oportuno para que sexa factible a adaptación da súa avaliación.

8.1. Programación da educación en valores.

A programación da educación en valores en IPE II integrará actividades e estratexias orientadas ao desenvolvemento de competencias transversais vinculadas á responsabilidade profesional, á ética e á sustentabilidade. Estes aspectos abordaranse de maneira práctica, reflexiva e aplicada ao contexto laboral galego.
Os valores traballados incluirán os seguintes:

1. Responsabilidade profesional: promoverase o cumprimento rigoroso das obrigas laborais mediante análise de situacións reais, toma de decisións fundamentadas e reflexión sobre as consecuencias dunha práctica profesional pouco responsable.
2. Ética e integridade: desenvolveranse actividades que permitan identificar dilemas éticos habituais no ámbito profesional e valorar respostas baseadas na honestidade, na transparencia e no respecto ás normas.
3. Sustentabilidade ambiental e economía verde: incorporaranse dinámicas que axuden a comprender o impacto ambiental das actividades profesionais e a promover prácticas sostibles.
4. Respeto e comunicación cordial: traballarase a importancia dunha comunicación respectuosa, clara e empática como base das relacións laborais saudables.
5. Autonomía e iniciativa responsable: promoverase a capacidade de xestionar tarefas de forma autónoma combinada cun exercicio responsable da iniciativa persoal.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

No caso deste tipo de modalidade non procede a participación nas actividades complementarias ou extraescolares.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

1. Avaliación da propia práctica docente
O seguimento da programación é fundamental para garantir que o plan establecido se cumpre de maneira efectiva e axustada ás necesidades do grupo.
Realizarase unha revisión periódica da consecución dos obxectivos propostos e mantéñase un rexistro das unidades didácticas impartidas e do ritmo de ensino, permitindo axustes cando sexa necesario. Ademais, utilizaranse ferramentas dixitais, como a aula virtual,que resultan moi útiles para seguir o progreso dos estudantes e facilitar a entrega de materiais de forma áxil e eficiente.
Reflexionar sobre a propia práctica docente é esencial para mellorar continuamente a nosa labor. A avaliación e a autoavaliación son claves neste proceso. Tras cada unidade ou trimestre, realizarase unha autoavaliación do traballo docente, cuestionando qué funcionou ben, qué non, qué se podería mellorar e qué recursos foron máis efectivos. A partir destas reflexións, establecerase un plan de mellora, incorporando posibles cambios. Por exemplo, se as clases son demasiado teóricas e os estudantes non están suficientemente comprometidos, propoñerase incorporar máis actividades prácticas ou dinámicas de grupo que fomenten a participación activa.
Ademais, avaliarase o uso de recursos e materiais, asegurándose de que estes sexan apropiados para os contidos e o nivel dos estudantes, que sexan accesibles para todos e que fomenten a participación e a motivación.
2.Axustes e adaptacións
É clave que, tanto no seguimento da programación como na avaliación da práctica docente, calquera cambio necesario sexa realizado de maneira flexible. Se algún aspecto da programación non está a funcionar como se esperaba, é importante que se realicen os axustes necesarios, adaptando a planificación para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe no curso seguinte. A reflexión constante permitirá que se realicen melloras a tempo.
3. Plan de acción para a mellora continua
A partir da avaliación da práctica docente e do seguimento da programación, elaborarase un plan de acción que inclúa as seguintes fases: primeiro, realizarase un diagnóstico para identificar as áreas que necesitan mellora; despois, definirase un conxunto de metas claras e alcanzables; a continuación, estableceranse as accións necesarias para alcanzar esas metas; finalmente, realizarase unha avaliación periódica dos avances e, de ser necesario, axustarase o plan de acción para optimizar os resultados.
En resumo, o proceso de avaliación será continuo, reflexivo e flexible, co obxectivo de mellorar a práctica docente e ofrecer unha ensinanza máis efectiva e adaptada ás necesidades dos meus estudantes.
4. Periodicidade e lugar de recollida do seguimento
Mensualmente, este seguimento quedará recollido na aplicación Proens, onde se indicarán, de ser necesario, as modificacións efectuadas.O seguimento da programación é fundamental para garantir que o plan establecido se cumpre de maneira efectiva e axustada ás necesidades do grupo.

11.1. Outros apartados.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2ADG000100 - Xestión administrativa	B

Módulo
MP0438 - Operacións administrativas da compravenda (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime modular	Distancia	Xeral	B

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
5	133	50	160	160

Profesorado responsable

Docentes
Iglesias Sobral, Damián Antonio

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 3

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 9

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 26

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 26

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 26

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 27

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 27

8.1. Programación da educación en valores. 27

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 27

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 27

11.1. Outros apartados. 27

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O entorno produtivo baséase en pemes do sector servizos, fundamentalmente, empresas nas que todas se realizan tarefas de carácter administrativo, polo que o currículo adecúase ás necesidades e características de ditas empresas. Neste senso a programación adecúase a estas necesidades do entorno productivo e permite formar administrativos con coñecementos de compravenda e manexo das ferramentas informáticas de xestión.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Cálculo de prezos de venda, compra e descontos		20	30
2	Confección de documentos administrativos das operacións de compravenda		20	35
3	Liquidación das obrigas fiscais derivadas da compravenda.		20	35
4	Controla de existencias no almacén.		20	30
5	Tramita de cobros e pagos		20	30

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Cálculo de prezos de venda, compra e descontos	30

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Calcula descontos e prezos de venda e compra, aplicando as normas e os usos mercantís e a lexislación fiscal.		
CA1.1 - Recoñecéronse as funcións do departamento de vendas, ou comercial, e as do de compras.	PE	10
CA1.2 - Recoñecéronse os tipos de mercados, de clientes e de produtos ou servizos.	PE	5
CA1.3 - Describíronse os circuítos dos documentos de compravenda.	PE	20
CA1.4 - Identificáronse os conceptos de prezo de compra do produto, gastos, prezo de venda, desconto, xuro comercial, recarga e marxe comercial.	PE	5
CA1.5 - Distinguíronse os conceptos de comisión e corretaxe.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.6 - Recoñecéronse as porcentaxes do imposto sobre o valor engadido (IVE) para aplicar nas operacións de compravenda.	PE	15
CA1.7 - Clasificáronse os tipos de desconto máis habituais.	PE	15
CA1.8 - Recoñecéronse e cuantificáronse os gastos de compra ou de venda.	PE	10
CA1.9 - Identificáronse os métodos para calcular o prezo final de venda e os prezos unitarios.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Cálculo de prezos de venda, compra e descontos
Organización e estrutura comercial na empresa
Concepto e obxectivos da empresa: tipos.
Formas de organización comercial da empresa.
Sistema de comercialización. Canles de venda.
Conceptos básicos da actividade de compravenda e cálculos comerciais:
Conceptos básicos: prezo de compra, prezo de venda, marxe comercial, beneficio, custos de compra e custos de venda.
Descontos. Xuros e recargas. Comisións e corretaxe.
Cálculos comerciais básicos en facturación e prezos unitarios.
Cálculos de pagamento e cobramento diferido ou anticipado.
Xestión e negociación dos documentos recadatorios.

UD	Título da UD	Duración
2	Confección de documentos administrativos das operacións de compravenda	35

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Confecciona documentos administrativos das operacións de compravenda en relación coas transaccións comerciais da empresa.		
CA2.1 - Identificáronse os documentos básicos das operacións de compravenda e precisáronse os requisitos formais que deban cumprir.	PE	2

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.2 - Recoñeceuse o contrato mercantil de compravenda.	PE	5
CA2.3 - Describíronse os fluxos de documentación administrativa habituais da empresa relacionados coa compra e a venda.	PE	4
CA2.4 - Identificouse o proceso de recepción de pedidos e a súa posterior xestión.	PE	4
CA2.5 - Formalizáronse os documentos relativos á compra e á venda na empresa.	PE	75
CA2.6 - Comprobouse a coherencia interna dos documentos, para o que se trasladaron as copias aos departamentos correspondentes.	PE	2
CA2.7 - Recoñecéronse os procesos de expedición e entrega de mercadorías.	PE	2
CA2.8 - Verificouse que a documentación comercial recibida e emitida cumpra a lexislación e os procedementos internos da empresa.	PE	2
CA2.9 - Identificáronse os parámetros e a información que cumpra rexistrar nas operacións de compravenda.	PE	2
